

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DO ILTMO. CONCELLO
PLENO CORRESPONDENTE O DIA 18 DE NOVEMBRO DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día dezaoito de novembro do dous mil dous; ás dúas do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión extraordinaria urxente do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Antonio Domínguez Lorenzo, Dona María José Escudero Estévez, Don Miguel Fidalgo Areda, Don Marcos Blanco Jorge, Don Xosé Prieto Pérez, Dona Maria Martínez Abal, Don Francisco Alonso Fernández, Don Secundino Rodríguez Gómez e Don Celso Sotelo Barroso. Non asiste Dona Manuela Iglesias Collarte.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio do único asunto que conforma a anunciada Orde do Día, e que resulta se-lo seguinte:

1.- RATIFICACION DA URXENCIA DA SESION.-

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que a urxencia ven motivada polos prazos establecidos para o inicio das obras e a xustificación desta anualidade.

De seguido, o Sr. Alcalde, somete a votación a ratificación da urxencia da sesión, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade a ratificación da urxencia da sesión.

**2.- ADXUDICACION DA OBRA DENOMINADA ACONDICIONAMENTO DA
ALAMEDA DE RIBADAVIA.-**

De seguido o Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura a moción da alcaldía que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: "MOCION DA ALCALDIA.-Visto o estado procedimental no que se atopa o expediente de contratación para adxudicar as obras de "Acondicionamento da Alameda de Ribadavia", mediante procedemento aberto e en trámite de urxencia e a traves de concurso.

Resultando que durante o prazo hábil aberto a tal fin, presentáronse as seguintes proposicións:

"SERCOYSA GALICIA S.A."

"PROYECON GALICIA S.A."

"INDUSTRIAS DEL DEZA, S.L."

Resultando que pola Mesa de Contratación propónse a adxudicación do contrato a empresa "INDUSTRIAS DEL DEZA S.L.", polo importe de 815.206 euros; Aumento de obra: 41.657,03 euros; obras semellantes (adxuntase documentación); Prazo de execución: 7 meses; Prazo de garantía: 2 anos, como autora da proposición mas ventaxosa das presentadas.

Vistas as bases do concurso, en particular a Base XII, propónse ó Iltmo. Concello Pleno, acade o seguinte:

1.- Declarar válido o acto de licitación

2.- Adxudicar definitivamente o concurso para executar a obra de " Acondicionamento da Alameda de Ribadavia" a empresa INDUSTRIAS DEL DEZA S.L., con domicilio na rúa Pastor Díaz nº 1, 2ºB, 36.000, Pontevedra, como autora da proposición mais ventaxosa para a Corporación que e a seguinte: oferta económica, 815.206 euros; Aumento de obra: 41.657,03 euros; obras semellantes (adxuntase documentación); Prazo de execución: 7 meses; Prazo de garantía: 2 anos.

3.- Devolver as garantías provisionais a todos os licitadores excepto o adxudicatario, que debera ser requerido para a constitución da garantía definitiva, no prazo de 15 días naturais seguintes a recepción da notificación do acordo de adxudicación.

Non obstante o Plenario, ó que en definitiva corresponde decidir, resolvera o que considere máis conveniente para os intereses municipais. Ribadavia, 15 de novembro de 2002".-

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, voceiro do grupo mixto, para sinalar que a primeira parte do proceso atopase cumprida; solicita un control exhaustivo da obra e que se cumpra o establecido no prego respecto a que as certificacións de obra deberán ser informadas polo Sr. Aparellador Municipal.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para anunciar o voto favorable do seu grupo; dí que o seu grupo vai a estar vixiante para que se cumpran as condicións do contrato e que a obra se remate en prazo e se execute correctamente. Finaliza a súa

intervención solicitando que os redactores do proxecto sexan os técnicos directores da obra co obxecto de evitar interferencias doutros técnicos.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para manifestar o apoio do seu grupo a proposta da Mesa de Contratación, así como alabar o proceso de consenso neste expediente (aprobación do proxecto, prego de cláusulas e adxudicación). Finalmente sinala que non existen cuestións técnicas que xustifique o retraso das obras a realizar na superficie da alameda pola empresa concesionaria do aparcamento, de acordo co que manifestaron na mesa de contratación os técnicos presentes.

De seguido, o Sr. Alcalde, somete a votación a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

E sendo as dúas e vinte do mediodía o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario, certifico.